

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2022/2	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «POR CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA A RENOVACIÓN DO CONTRATO DE ELECTRICIDADE DO CONCELLO DE A ESTRADA»
Data	17 de febreiro de 2022
Duración	Desde as 20:36 ata as 21:06 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS
Secretaria	MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
[REDACTED]	CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora)	NON
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ



	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	M ^a DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

Antes de tratar os asuntos incluídos na Orde do Día o voceiro do grupo político municipal do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, pide a palabra para propoñer un minuto de silencio en demostración de solidariedade e condolencia polos mariñeiros falecidos no naufraxio acontecido esta semana en Terranova.

O **Sr. Alcalde** acepta esta proposta como unha boa e xusta iniciativa, dando paso á garda dun minuto de silencio en sinal de condolencia e solidariedade coas familias dos mariñeiros que perderon á vida en Terranova e que afecta á toda a comunidade galega.

Transcorrido dito minuto, procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día desta sesión:

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 1688/2020. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS RELATIVO A PRÓRROGA ELECTRICIDADE DO CONCELLO DE A ESTRADA.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Para explicar este asunto toma a palabra o Concelleiro delegado de Organización e voceiro do grupo do PP, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, quen comenza aclarando que estamos ante a prórroga do contrato de subministro de electricidade en alta e baixa tensión dende o día 2 de marzo de 2022 ao 28 de febreiro de 2023, derivado do acordo marco asinado coa Central de Contratación da FEMP, contrato que supuxo ata de agora un aforro moi importante para este concello na tarifa eléctrica, ademais de mellorar a xestión administrativa ao pasar a unha factura única, sendo interese deste grupo de goberno continuar con esta contratación.



Intervén o voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, para manifestar a súa conformidade con esta proposta ao abeiro dos beneficios que este contrato supón para o noso concello, polo que votarán a favor da súa aprobación. De todos os xeitos, quere lembrar que está pendente de que se lle remita un informe sobre rendición de consumos solicitado ao departamento de Intervención.

Se lle outorga a palabra á **Sra. Secretaria municipal**, a cal aclara que cre que o Sr. López Bueno refírese ás condicións especiais de execución.

Para contestar ao anterior, o **Sr. Blanco Carracedo** di que unha das condicións especiais da adxudicataria é unha emisión dun informe ante o responsable do contrato dentro do prazo dun ano e, por non cumprirse o mesmo, non lle consta que este informe fora presentado.

Toma a palabra a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para trasladar a súa conformidade con esta proposta de prórroga do contrato de electricidade por supoñer melloras a nivel económico e de xestión para este concello.

A voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna Susana Camba Castro**, intervén para dicir que tamén votará a favor.

Non habendo máis intervención, procédese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

ANTECEDENTES

1º.- La Entidad Local Ayuntamiento de A Estrada mediante Acuerdo de Pleno de fecha 07 de setiembre de 2017 se adhirió a la Central de Contratación de la Federación Española de Municipios y Provincias, a fin de poder contratar los servicios y suministros que ofertar la citada Central, de conformidad con las condiciones y precios fijados en los correspondientes contratos o acuerdos marco que se suscriban entre dicha Central y las empresas adjudicatarias de los mismos.

2º.- Con fecha 21 de mayo de 2019 la Central de Contratación de la Federación Española de Municipios y Provincias resultaron adjudicatarias las mercantiles IBERDROLA CLIENTES, S.A.U, ENDESA ENERGÍA, S.A.U. y GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. para los Lotes 1 al 7. La formalización de los Acuerdos Marco se produjo el día 17 de junio de 2019, finalizando la vigencia ordinaria del mismo el próximo 17 de junio de 2021. Pudiendo prorrogarse anualmente, sin que la duración total del acuerdo marco, pueda exceder de 48 meses (4 años).

3º.- En fecha 14 de diciembre de 2020 la Entidad Local Ayuntamiento de A Estrada envió el documento de invitación a través de la Plataforma tecnológica a las tres empresas adjudicatarias del lote n.º 1 de dicho Acuerdo marco.

4º.- La adjudicación del contrato basado fue efectuada por resolución del Pleno, de fecha 04 de febrero de 2021 resultando adjudicataria la empresa GAS NATURAL



COMERCIALIZADORA S.A. y siendo notificada con fecha 08 de febrero de 2021 y cuyo suministro finalizará el próximo 28 de febrero de 2021.

5º.- La duración del contrato basado según lo dispuesto en la resolución adjudicación era de 1 año, prorrogable anualmente por 3 años.

6º.- Que en fecha 31 de enero, se comunicó a la adjudicataria la voluntad de prorrogar el contrato basado a los efectos previstos en el artículo 29.2 de la LCSP, condicionada a la conformidad de la Entidad Local con la remisión por aquella de los precios del contrato basado revisados conforme a lo dispuesto en el art 16.3 del PCA y en el plazo establecido.

7º.- Que recibidos los precios revisados por la adjudicataria, se da conformidad a los mismos, adjuntándose a esta resolución.

8º.- Que, con fecha 8 de febrero de 2022, se emite propuesta de la Alcaldía-Presidencia.

9º.- Que, con fecha 11 de febrero de 2022, por la Comisión Informativa de Organización, Personal y Asuntos Generales se adopta dictamen favorable.

FUNDAMENTOS DE DERECHO

1º. El Pliego de Cláusulas Administrativas (en adelante, "PCA"), prevé en su cláusula 21.2 la posibilidad de solicitar prórrogas en sus contratos basados:

"La duración ordinaria de los Contratos basados será de un año, tal y como dispone la normativa sectorial de aplicación, pudiendo celebrarse prórrogas por periodos de un año, hasta un máximo de cinco años. Todo ello sin perjuicio de las altas eventuales y de temporada que surjan durante la vigencia y al amparo del contrato basado, conforme a lo establecido en los Pliegos, en el Acuerdo marco y en la normativa de aplicación, y ajustándose a la proposición económica presentada sobre el porcentaje de incremento máximo sobre los precios de energía de las tarifas de acceso para el suministro definitivo."

2º. De conformidad con lo indicado en el Documento de invitación y en la cláusula 21.2 del PCA y con la intención de continuar prestando el suministro de electricidad en alta y baja tensión en la Entidad Local Ayuntamiento de A Estrada, *la prórroga resultará de obligada aceptación por parte del adjudicatario (y siempre que haya un preaviso de 2 meses, porque así lo establece el artículo 29.2 de la LCSP) salvo que la Entidad Local disponga lo contrario en el Documento de invitación y salvo que se dé la causa de resolución prevista en el artículo 198.6 de la LCSP por haberse demorado la Entidad Local en el pago del precio más de 6 meses, siempre que dicho impago no se produzca por incumplimiento de la empresa contratista, cuestiones ambas, que no se han producido. Si la EELL no lleva a cabo ese preaviso con 2 meses de antelación a la finalización del contrato, la prórroga será por acuerdo entre partes (dejará de ser potestad de la administración).*

Para la tramitación de la prórroga anual, los precios vigentes en el contrato basado serán objeto de revisión (Incluso en el caso de que no se produzca el preaviso de 2 meses por parte de la administración.). En este sentido, la adjudicataria estará



obligada a comunicar al responsable del contrato basado de la Entidad Local, con al menos cuarenta y cinco días de antelación a la finalización del contrato basado, los precios revisados conforme a lo establecido en la cláusula 16.3 del PCA, con la diferencia de que el primer reajuste de umbrales que se realice tomará los precios -Umbral (i-1)- ofertado originalmente por las empresas adjudicatarias para el contrato basado.

En el plazo de quince días desde la recepción de los precios revisados, siempre con un mes de antelación a la finalización del contrato basado, la Entidad Local deberá comunicar su intención de prorrogar el contrato basado por un año más. **En caso de que dicha comunicación sobre la conformidad con los precios revisados no se produzca por parte de la Administración, de conformidad con lo previsto en el artículo 29.2 de la LCSP según el cual: "En ningún caso podrá producirse la prórroga por el consentimiento tácito de las partes", la empresa procederá, en el plazo de los 5 días hábiles anteriores a la fecha de finalización del suministro indicada más arriba a realizar los trámites oportunos para dar de baja los puntos de suministro objeto del contrato basado. Al producirse la extinción del contrato, la empresa Distribuidora procederá a asignar estos suministros a la comercializadora de último recurso, en aplicación de la normativa vigente, R.D. 216/2014, que en el apartado d) del artículo 4 establece que los comercializadores de referencia deberán atender las solicitudes de suministro de energía eléctrica y formalizar los correspondientes contratos con los consumidores, que sin cumplir los requisitos para la aplicación del precio voluntario para el pequeño consumidor, transitoriamente carecen de contrato en vigor con un comercializador libre, y les resulten de aplicación las correspondientes tarifas de último recurso de acuerdo con lo previsto en el [artículo 17.3 de la Ley 24/2013, de 26 de diciembre.](#)**

3º. Las condiciones que deberán regir esta prórroga serán las mismas que las del contrato basado y se mantendrán inalterables durante toda la vigencia de la prórroga, tal y como se establece en el PCA, a excepción de la revisión de precios prevista en el mismo.

En virtud de lo anterior y lo debatido en esta sesión, se somete a votación la presente propuesta, adoptándose, por unanimidad, los siguientes **ACUERDOS:**

Primero.- Prorrogar el Contrato basado para el suministro de electricidad en alta y baja tensión desde el día 01 de marzo de 2022 hasta el 28 de febrero de 2023, aplicándose los precios revisados conforme a lo establecido en la cláusula 16.3 del PCA, y que se adjuntan a esta resolución, formando parte del expediente.

PRECIOS REVISADOS

LOTES 1-5	TE1	TE2	TE3	TE4	TE5	TE6
2.0A	0,1781					
2.0DHA	0,1974	0,1254				
2.0DHS	0,1980	0,1329	0,1163			
2.1A	0,1914					





2.1DHA	0,2099	0,1363				
2.1DHS	0,2105	0,1478	0,1220			
3.0A	0,1596	0,1470	0,1256			
AP2.0DHA	0,1974	0,1254				
AP2.1DHA	0,2099	0,1363				
AP3.0A	0,1596	0,1470	0,1256			
3.1A	0,1421	0,1358	0,1192			
6.1	0,1587	0,1475	0,1311	0,1238	0,1211	0,1152

Segundo.- Comunicar los presentes acuerdos a la empresa adjudicataria a través de la plataforma informática de la Central de Contratación, publicarla en el perfil del contratante de esta Entidad Local y notificarla conforme a lo establecido en la LCSP.

Expediente 382/2022. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS RELATIVO A ADHESIÓN CONVENIO GES 2022.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Toma a palabra o Concelleiro delegado e voceiro do grupo do PP, **D. Alberto Blanco Carracedo**, quen pasa a explicar esta proposta, consistente no interese deste concello á adhesión ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a FGAMP e as Deputacións Provinciais en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, en concreto para o desenvolvemento dos grupos de Emerxencia Supramunicipais, e, finalmente, facultar ao Sr. Alcalde para a súa sinatura e formalización.

O voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, intervén para dicir que o seu grupo votará a favor por tratarse dun acordo marco e de non asinarse non se recibiría o financiamento.

Quere facer fincapé en varias cuestións que aparecen neste acordo; en primeiro lugar, este acordo esixe labores de limpeza e desbroce polos traballadores municipais, preguntando como se vai a compaxinar eses traballos cos outros que xa lle corresponden segundo a RPT; en segundo lugar, este acordo obriga a cuantificar eses labores de prevención, querendo saber como se fai a proceder; tamén quere preguntar como se vai a casar esas tarefas de prevención que vai a levar o persoal do GES cos traballadores da Xunta que adoita realizalas tamén no noso concello. En caso de non recibir resposta a estas preguntas, pide que conste en acta a solicitude dos cuadrantes, quendas, horarios e funcións de todo o persoal adicado a estas tarefas, é dicir, GES, Policía Local, Protección Civil e do resto do persoal que teña atribuídas funcións dentro deste ámbito de competencia.

Intervén a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para dicir que está de acordo con esta proposta, por considerar importante á adhesión a este Convenio e acordo marco por implicar os desbroces de cara á prevención de incendios, aínda que considera que nunca se fai en todas as hectáreas necesitadas.

Concédeselle a palabra á voceiro do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, quen



traslada o seu voto a favor desta proposta, aínda que entende que os Convenios que se asinan ás veces non son de todo realistas, xa que unha cousa é unha situación de emerxencia in situ e outra os traballos que teñen que facer os traballadores do GES ao longo de todo o ano; considerando que o ideal sería que a Xunta tivera contratado este servizo de desbroce durante todo o ano e deixar que o GES se adicara a outras labores de emerxencias, e non só forestais senón tamén de axuda aos bombeiros.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde** para explicar que unha das cláusulas do nomeado Convenio do GES, que ven dende o ano 2013, contiña esas labores de prevención e de desbroces, a cal foi incluída pola necesidade de xustificar á hora de financiar este servizo con parte de fondos europeos, polo tanto á partida correspondente a desbroces é complementaria, non estando dentro dos gastos de xustificación do persoal, polo que non quere que se teña ningunha dúbida sobre que esas labores se están a facer e, de feito, hai que xustificar estas tarefas diante da Xunta. Outra cousa é na forma que se faga, porque sabemos que o GES ten que centrarse preferentemente ás labores de emerxencia e, a veces, isto imposibilita que se poida organizar de unha maneira fixa os cuadrantes para as funcións de limpeza, sen embargo se está a conseguir grazas á colaboración de parte das brigadas municipais de desbroce e, en principio, o que se está a facer é compatibilizar os cuadrantes entre o dito servizo municipal e o GES para que, na medida do posible, poidan facerse estas labores e que grupo supramunicipal poida centrarse nesas outras funcións de emerxencias.

En canto a esta prórroga deste Convenio, non contén cambios substanciais con respecto ao inicial, o seu fondo é exactamente igual, polo que se levará a cabo todo o que nel se contempla e facer os traballos de limpeza en todas as hectáreas que temos comprometidas mediante a planificación dos traballos entre o GES e o servizo municipal de desbroces.

Non habendo máis intervención, procédese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 07/02/2022, en relación co asunto que se trata de seguido.

Visto o Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais, en materia de Emerxencias e Prevención e Defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de Emerxencia Supramunicipais, de data de 30 de decembro de 2021.

Visto o informe de Secretaría de data 8 de febreiro de 2022.

Visto o informe emitido por la Intervención municipal con data 8 de febreiro de 2022.

Visto o ditame favorable acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais con data 11/02/2022.

E ao abeiro do debatido nesta sesión, adóptanse, por unanimidade, o seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Adherirse ao Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais, en materia de Emerxencias e Prevención e Defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de Emerxencia Supramunicipais.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde para a realización de cantos actos sexan precisos para plasmación efectiva do presente acordo.



Expediente 5927/2021. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS RELATIVO A REVERSIÓN DE TERREOS SOBRE OS QUE SE ATOPA A ESTACIÓN DE AUTOBUSES.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Toma a palabra o Concelleiro delegado e voceiro do grupo do PP, **D. Alberto Blanco Carracedo**, quen explica que estamos ante a resolución da reversión dos terreos sobre os que se atopa a Estación de Autobuses a favor deste Concello, os cales, no seu momento, foran cedidos á Xunta de Galicia e agora pasan novamente a titularidade municipal xunto co edificio da dita Estación.

Pide a palabra o voceiro do grupo socialista, **D. Luis López Bueno**, para dicir que esta é unha boa noticia pero cre que, unha vez se faga dita reversión, os técnicos municipais procedan a valorar o estado no que se atopa esta edificación co fin de ver se é necesario tomar algunha medida urxente e evitar que este edificio non continúe deteriorándose.

Di que o seu grupo vai a apoiar esta proposta, pero lle preocupa que utilidade se lle vai a dar. Lembra que o grupo de goberno anunciara que se utilizará en beneficio da Asociación Xuvenil, considerando que previamente debe haber un acordo municipal co fin de regular ese uso, sen esquecer o mal estado da edificación e que podería causar algún problema do que o Concello sería o responsable; por outra banda, di que se deberían crear unhas bases para todas aquelas asociacións que queiran utilizar os locais desta edificación. Ante o dito, manifesta a urxencia de darlle unha cobertura aos usuarios actuais e tamén para usuarios futuros.

Por outra banda, considera conveniente para que, en caso de que se dea un uso de carácter social, se acompañe dun plan de acción nas escolas unitarias para acondicionar e resolver os problemas que moitas delas teñen.

Aproveita para trasladar a demanda dos usuarios da Estación de Autobuses e tamén dos profesionais para que se dote a zona adicada a este servizo dos servizos necesarios, por exemplo duns aseos, ou ben que se lles dea aos profesionais de chaves para que utilicen o resto das instalacións.

Intervén a voceira do grupo de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, manifestando estar de acordo coa proposta que se está a tratar, por entender como positivo que o Concello da Estrada recupere estes terreos e edificación que neles se localiza, esperando que se tomen medidas para proceder ao arranxo do edificio ante o mal estado no que se atopa e ante o risco que supón para a asociación que fai uso dela na actualidade e tamén para outras futuras. Tamén di que cre que debería ser un espazo de acceso aberto e non se limite ao uso particular de determinados colectivos.

Pide a palabra **Dna. Susana Camba Castro**, voceira do grupo Mixto (BNG), quen traslado o seu voto a favor desta proposta por considerar positivo aumentar o patrimonio do concello, pero quere saber que uso se lle vai dar ás instalacións e se se ten un proxecto do que se quere poñer alí. Di que é sabedora pola prensa que o grupo de goberno ten a intención de adicar este edificio á Casa da Xuventude e, de ser así, quería saber que definición ten para o goberno municipal este nome, porque ten moitas aplicacións. Por outra banda, cre factibles que o destinen para uso da nosa xuventude, pero non podemos esquecer que existen outros colectivos e asociacións que tamén necesitan dun espazo físico para as súas actividades, polo que debería considerarse a posibilidade de que este edificio fora un espazo libre para o seu uso por diversas asociacións.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde** agradecendo as aportacións dos grupos da oposición ao tempo que explica que estamos ante un proxecto que nace agora despois dun compromiso levado no programa electoral, proxecto que nace a raíz da iniciativa do colectivo Estación, grupo de



mozos e mozas que son un parte importante deste proxecto, pero non o único, xa que se está a faltar dun edificio con máis de mil metros cadrados por planta, existindo un estudo previo sobre o estado da infraestrutura e das súas instalacións para dar comezo, a partires do mes de marzo, á elaboración dun plan de usos baseándonos en modelos doutros concellos, así poderemos elaborar grandes contedores de iniciativas culturais. Di que para a elo haberá que estar pendente das liñas de financiamento que vaian saíndo para comezar, en primeiro lugar, á adecuación da edificación a nivel estrutural, eficiencia enerxética, etc. Polo tanto, tan pronto se teña a reversión, comezaremos a traballar nese plan de usos co fin de saber que usos se lle pode dar, que colectivos teñen cabida aí, contemplar o persoal municipal que controlará a xestión deste novo servizo, etc., sendo necesario un previo regulamento.

Continúa dicindo que, dende logo, estamos ante unha infraestrutura que pode dar moito xogo de cara ao futuro e que pode albergar unha gran cantidade de iniciativas urbanas e sociais e que levan buscando o seu espazo durante moito tempo; así que se traballará da man deses colectivos e abriremos tamén un período de consultas para que a xente poida participar, pero sen demorarnos moito, esperando que ao longo deste ano estea elaborado ese documento base para planificar os investimentos que haxa que facer.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 03/02/2022, en relación co asunto que se trata de seguido.

Vista a escritura notarial de 16 de novembro de 1994 mediante a que se cedeu gratuitamente á Comunidade Autónoma os terreos para a construción dunha estación de autobuses.

Vista a Resolución de 7 de decembro de 2021 da Consellería de Facenda e Administración Pública pola que se autoriza a reversión a favor deste Concello do inmovible sito na rúa Matadoiro nº 15, no que se ubica a estación de autobuses.

Visto o informe do Arquitecto Municipal de data 2 de febreiro de 2022.

Visto o informe de Secretaría de data 4 de febreiro de 2022.

Visto o ditame favorable adoptado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais na sesión celebrada o 11 de febreiro de 2022.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, adóptanse, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Aprobar a reversión, dende a Xunta de Galicia, dos terreos que se describen a continuación:

“Terreo en Paraxe de Bedelle, urbana, sita na rúa do Matadoiro da vila da Estrada, de 3.500 m², que linda: Norte, Amparo Castro; Sur, Matadoiro municipal e camiño de Bedelle; Leste, resto de finca matriz; e Oeste, rúa do Matadoiro en liña de 95,20 metros e matadoiro.

Inscrita no Rexistro da Propiedade da Estrada como finca 60853, ao tomo 559, libro 446, folio 143.

Referencia catastral: 2263101NH4226S0001LU.

Sobre esta parcela construíuse a edificación da estación de autobuses.”

Segundo.- Aprobar a recepción dos terreos segundo a Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública antes indicada.

Terceiro.- Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura da correspondente acta de entrega.





Levántase a sesión sendo as vinte e unha hora seis minutos do día do seu comezo.

Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.

De todo o anterior faise cumprimento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 9PGL4GALRLPSX7AACDD2EGKVM | Corrección: <https://aeestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 10